

Patrimonio C

Noite do Patrimonio

No 30 aniversario do Grupo Cidades Patrimonio da Humanidade de España, celebramos a Noite do Patrimonio con máis forza. O concello de Santiago de Compostela programa unha ampla selección de actividades para:

- Pór en valor o patrimonio da cidade desde unha perspectiva ampla, atendendo a unha concepción patrimonial diversa, en construción e participada pola cidadanía compostelá.
- Difundir elementos patrimoniais na cidadanía compostelá co obxecto de afirmar o sentido de pertenza.
- Promover un maior coñecemento sobre o patrimonio da cidade no conxunto da cidadanía.
- Resignificar espazos da cidade como propios fronte a un uso turístico elevado.

As accións que se propoñen encádranse en 3 liñas de actuación:

Patrimonio ao vivo

Promovendo accións artísticas que dialogan con espazos urbanos.

Patrimonio aberto

Visitas guiadas, roteiros e xornadas de portas abertas en diferentes espazos tanto públicos como privados.

Patrimonio agora

Lugares, persoas e traballos que enriquecen o patrimonio actual, como son galerías de arte e obradoiros de artesanía.



Patrimonio C

Noite do Patrimonio



16.SET.23

Patrimonio C

Noite do Patrimonio

Patrimonio ao vivo - aberto - agora

música de rúa
obradoiros
roteiros
exposicións
portas abertas



Patrimonio ao Vivo

20:30 h. | Duración aprox. 20 minutos

La Ribot Ensemble «Pièce distinguée N°59»s)

Xusto antes do solpor, unha parella completamente cuberta de ouro reflicte os derradeiros raios do sol. Esta peza de danza xoga cos múltiples significados do ouro, nun ritual á vez luxoso e primitivo.

21:00 - 23:00 h.

Animación musical para as rúas e espazos participantes en Patrimonio C.

- Os Bregadiers partirán de Bonaval e percorrerán os diversos espazos e galerías de arte.
- Pasarrúas cun grupo de música tradicional dende o Pazo de Raxoi para rematar na Praza de Mazarelos.

22:30 h. | Duración aprox. 1 hora

Obradoiro de Iniciación ao baile tradicional

Da man de Marcos Botana aprenderemos a identificar e bailar os ritmos máis coñecidos do baile tradicional galego: a muiñeira, a xota e o pasodobre.

Patrimonio Aberto

21:00 h. | Duración aprox. 1 hora

Paseo guiado aos barrios extramuros

Percurso guiado que nos descubrirá os tesouros e curiosidades dalgúns dos barrios máis picheiros como son os de Bonaval, San Pedro, Belvís e Sar.

21:30 h. | Duración aprox. 1 hora

Roteiro fotográfico

A través da mirada do fotógrafo compostelán Manuel Blanco, realizaremos este itinerario fotográfico que nos descubrirá espazos e lugares

cun atractivo especial e daranos os trucos e claves para sacar proveito á fotografía feita dende o móbil.

21:00 - 23:30 h.

Noite de portas abertas

• Pazo de Raxoi

Visitas ao interior da Casa do Concello para coñecer os salóns e espazos máis ocultos así como parte da súa colección pictórica.

Visitas cada 30 min. das 21:00 ás 23:00 h.

Grupos máx. 20 persoas.

• Zona C. Antiga Casa do Concello

Noite de portas abertas para coñecer este edificio barroco que foi sede do Concello compostelán e agora acolle o espazo multidisciplinar Zona C.

Patrimonio Agora

21:00 - 23:30 h.

Noite de portas abertas en espazos que traballan diariamente para crear e poñer en valor un patrimonio vivo e en constante crecemento.

GALERÍAS DE ARTE CONTEMPORÁNEO

Visitas guiadas e encontros cos responsables destes espazos culturais a fin de promover o diálogo entre a arte contemporánea e a cidadanía.

Galería Dupla

Visita guiada á exposición “Animales de Agua” de Raúl Álvarez e Manuel Moranta.

Galería Trinta

Visita guiada á exposición “Los colores más puros” de Irma Álvarez Laviada.

Fundación Didac

Portas abertas para coñecer a mostra “Nin Principio Nin Fin” da artista Françoise Vanneraud.

Patio de Luz

21.00 h. Obradoiro “Aproximación para a creación dun caderno de viaxe” (inscrición previa na galería)

23:00 h. Ritual contemporáneo e de Celebración colectiva da mano artista Wences Lamas.

Luísa Pita

A mostra de David Planas, artista afincado en Compostela, “Con Colores y Poemas Viene el Cimarrón”, poderá verse e comprenderse visitando este espazo cultural.

Galería Metro

22:30 h. Visita guiada para coñecer en profundidade a exposición “Museum Hall” de Pedro Peña Gil.

Galería Nordés

A Noite do Patrimonio darache a última oportunidade de coñecer a obra da artista australiana Narelle Jubelin e a súa mostra “Unname Road”.

OBRADOIROS DE ARTESANÍA

Encontros cos artistas con mostras ao vivo das técnicas de traballo e creacións.

Susi Gesto - Ourivaría

Visita ao Obradoiro de Susi Gesto, da man de quen coñeceremos as técnicas de ourivaría empregadas no traballo da filigrana e reinterpretación que fai deste proceso a través de materias máis tradicionais da artesanía Compostelá, a prata e o acibeche.

Obradoiro Noroeste – Xoiaría

Jose Castro, Premio Nacional de Artesanía en 2021, ábrenos as portas para mostrarnos ao vivo o traballo que realiza en Obradoiro Noroeste.

Artesáns Distrito Sar

Mauro Trastoy – Lámpadas, Pablo Barreiro – Cerámica- e Tita Fraga – Gravado comparten barrio e espazo de traballo. As portas dos seus obradoiros estarán abertas para asistir en vivo a unha mostra do seu traballo creativo e multidisciplinar.